



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 15-02-2025

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 11:30 horas do día 15 de febreiro de 2025, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde por delegación Juan Ramon Vidal Torrado reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE POR DELEGACIÓN
JUAN RAMÓN VIDAL TORRADO

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

RAQUEL FONDO PÉREZ
MARIA JOSEFA ÁLVAREZ BUGALLO

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

CONSTANTINO FERNÁNDEZ VILA

SECRETARIA: ANTÍA PENA DORADO

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión do 15 de xaneiro de 2025

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación. Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2. Expediente 2025/G006/000010 Proposta de concesión de licencia de obra para Mantemento de Cuberta en Lugar de Sergude, 19 Xornes (15069A031004260000PB) de JAVIER MARTINEZ PORTEIRO (53304827G)

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 05/02/2025 que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2023/U022/000007.
ASUNTO:	Solicitud de licenza para "Mantemento de cuberta dunha vivenda unifamiliar".
INTERESADO:	XXXXXXXXXX. DNI/NIF: ***0620*.*.
REPRESENTANTE:	Javier Martínez Porteiro. DNI/NIF: ***0482*.*.
SITUACIÓN:	Lugar de Sergude, nº 19. Ponteceso. CP: 15110. Ref. Catastrais: 15069A031004260000PB.

Logo de ver os seguintes antecedentes:

I.- ANTECEDENTES

03/03/2023 Achégase solicitude xeral coa seguinte documentación:

- Autorización de representación a favor do Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro.
 - Proxecto Técnico, con visado dixital colexial nº VN23000402 e redactado por técnico competente, o Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).
 - Oficio da dirección de obra en favor do Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado COATAC nº 2798.
 - Oficio do coordinador de seguridade e saúde en favor do Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado COATAC nº 2798.
 - Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
 - Informe de visado do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC). O cal indica comprobáronse os seguintes extremos:
 - A identidade e habilitación profesional do autor do traballo, utilizando para iso os rexistros de colexiados previstos no artigo 10.2 da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais.
 - A corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional, o cumprimento das normas sobre especificacións técnicas, así como a observancia do resto da normativa aplicable ao traballo en cuestión.

En caso de danos derivados do traballo profesional obxecto deste visado, no que resulte responsable o autor do mesmo, o COATAC responderá subsidiariamente os danos que teñan a súa orixe en defectos que debesen ser postos de manifesto polo Colexio ao visar este traballo profesional, e que garden relación directa cos elementos que se visaron neste traballo concreto.
- Solicitud de autorización e recibo de presentación electrónica ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia.

20/06/2023 Recíbese resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia, no que indica en relación o expediente nº 737/23, relativa a solicitude de autorización de obras do asunto de referencia. Resolvendo autorizar as obras de mantemento de cuberta e Non autorizar as obras de ampliación de ocos e substitución de carpinterías polos motivos indicados no informe dos servizos técnicos.

29/06/2023 O Solicitante achega a seguinte documentación complementaria:

- Autorización de representación a favor do Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro.
 - Proxecto Técnico modificado, sen visado dixital colexial e redactado por técnico competente, o Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).

- Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia, no que indica en relación o expediente nº 737/23, relativa a solicitude de autorización de obras do asunto de referencia. Resolvendo autorizar as obras de mantemento de cuberta e Non autorizar as obras de ampliación de ocos e substitución de carpinterías polos motivos indicados no informe dos servizos técnicos.

27/09/2023 Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

- Datos de identificación do interesado: Persoa física. Copia do DNI.
- Autorización de representación a favor do solicitante na que coincida a súa firma coa do seu DNI.

Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

Actualizado co orzamento de execución material que corresponda.

- A actuación atópase localizada dentro do perímetro de zona de policía de augas (5,00 - 100,00 m). Porén, ao considerarse a obra ou traballo como menor, a propiedade deba tamén presentar ante **Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xunta de Galicia** a correspondente declaración responsable para a realización das obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións e peches preexistentes. Os/As promotores/as de obras ou traballos menores no Dominio Público Hidráulico e na Zona de Policía dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa deberán tramitar ante Augas de Galicia unha declaración responsable, axustada ao modelo definido, cun mínimo de quince días de antelación á realización das actuacións proxectadas (código do procedemento **AU113C**), segundo se establece no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, definindo o trámite adecuado para esta, na Orde de 18 de febreiro de 2020.

Solicitude dispoñible en: (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=AU113C>).

Deberase de presentar o xustificante correspondente da súa presentación ante a Xunta.

- Nomeamento do contratista e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.
- Copia dos impresos xustificativos do abono das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística e do ICIO.

O Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada non inclúe todas a partidas requiridas para a execución da obra proxectada. Asemade, os prezos das partidas e do orzamento de execución material deben de ser realistas coas obras a executar; xa que considerase que o achegado está infravalorado.

Finalmente, os capítulos de Xestión de residuos e de Seguridade e Saúde representan uns custes, en relación ca envergadura da obra a executar, non axustados a realidade.

Por outra banda o Proxecto deberá corrixir e xustificar sobre as determinacións do PXOM e demais parámetros básicos a cumprir:

- Certificado de solidez e seguridade da estrutura existente.
 - Memoria de cálculo da estrutura a executar e avaliación estrutural da edificación existente.
- Cumprimento do R.D. 470. Código estrutural.

02/11/2023 O Solicitante achega a seguinte documentación complementaria:

- Datos de identificación do interesado: Persoa física. Copia do DNI.
- Autorización de representación a favor do solicitante na que coincida a súa firma coa do seu DNI.
 - Modificado do Proxecto Técnico, con visado dixital colexial nº VN23000402 e redactado por técnico competente, o Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
 - Xustificante de presentación declaración responsable para a realización das obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións e peches preexistentes ante Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xunta de Galicia.

06/11/2023 Recíbese informe de Augas de Galicia no que se indica que se presentou ante este Servizo Territorial de Augas de Galicia unha Declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía. De conformidade co disposto no DECRETO 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación) indícase que Augas de Galicia comunicará ós concellos as declaracións responsables presentadas para actuacións menores que se realicen nos respectivos termos municipais. Conforme ó disposto comunicámoslle que foi presentada a seguinte Declaración Responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía e que tras ser revisada, cumpre co disposto en dito Decreto.

15/01/2024 Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deberá presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

- Copia dos impresos xustificativos do abono das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística.

05/02/2024 O Solicitante achega copia dos impresos xustificativos do abono das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística.

05/02/2024 Emítase Informe Técnico favorable por parte dos Servicios Técnicos Municipais do Concello de Ponteceso.

O expediente púxose en coñecemento do Técnico de Administración Xeral (TAX) o 09.02.2024

Consta no expediente o Informe de Intervención de data 07.02.2024

Consta no expediente o Informe xurídico de data 09.02.2024

O Solicitante achega copia dos impresos xustificativos do abono

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015.Publicado no D.O.G. nº 95, o 22 de Maio de 2015. || Publicado no B.O.P. nº 99, o 28 de Maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da lei 7/85 e no art. 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía mais está delegada na Xunta de Goberno Local por decreto 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior;

PROPOÑO Á XGL:

PRIMEIRO.- Proceder á concesión da **LICENZA DE OBRAS** a D^a **XXXXXXXXXX** co DNI *****0620*.*** para **“Mantemento de cuberta dunha vivenda unifamiliar”**, no **Lugar de Sergude, nº 19, Ponteceso**, nas referencias catastrais: **15069A031004260000PB** segundo o “Proxecto Técnico de Mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar existente”, e ao “Modificado de proxecto Técnico de Mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar existente” ambos con visado dixital colexial nº VN23000402 e redactados por técnico competente, o Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC), aos cales debe aterse.

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

a) Particulares, segundo o informe técnico:

- A construción e forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para Cubertas Integradas no Medio Rural.
- A propiedade a de aterse o indicado no artigo 3.2.13.- CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN E DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE en solo de núcleo rural e en solo rústico do PXOM, é no indicado no ARTIGO 7.1.6.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN do PXOM.
- A obra deberá axustarse ó disposto pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia, debendo cumprir coas consideracións legais e as condicións sinaladas na resolución do Expediente: 737/23. Sobre intervención que afecta a un ben do Patrimonio Cultural de Galicia. Resolvendo autorizar as obras de mantemento de cuberta e Non autorizar as obras de ampliación de ocos e substitución de carpinterías polos motivos indicados no informe dos servizos técnicos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.

Ademais:

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- O Construtor terá que solicitar a colaboración e coordinación coa policía local cara a adecuada sinalización do ámbito e a organización do espazo a ocupar da vía pública, a fin de cumprir en todo momento a normativa vixente de tráfico e de prevención de riscos, así como a de evitar confusións e inconvenientes a veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE co total das obras a executar, ascende a un Oem de 19.537,84 €. Detalle das liquidacións xa realizadas:

- Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 19.537,84 € x 0,20 % = 39,08 €.

Lémbrese que a administración municipal poderá supervisar os traballos, a fin de comprobar a realidade do alcance dos mesmos.

a) Condicións xenéricas:

- Lémbrese a necesidade de levar a cabo un axeitado tratamento dos residuos xerados polos mesmos.
- Comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde.
- A licenza de obras outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, os dereitos de terceiros e o que sexa competencia doutros organismos.
- Antes do comezo dos traballos deberá nomear director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde, debidamente visados polo colexio profesional correspondente, e comunícalo ao concello.
- As obras axustaranse á documentación presentada e no curso da súa execución adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo.
- Previo ao comezo das obras levantarase a acta de reformulo polos técnicos municipais.
- O solicitante deberá poñerse en contacto cos titulares dos servizos urbanos que poidan resultar afectados para localizalos e evitar posibles roturas ou accidentes.
- Os servizos correspondentes ás conexións ás redes municipais de saneamento, auga potable e rede eléctrica, serán pola conta do promotor, e tamén serán á súa conta os gastos que poida ocasionar pola execución das obras nos pavimentos dos viais e beirarrúas públicas.
- Comunicarase á Policía Local antes do inicio, e coa antelación suficiente, dos posibles cortes de tráfico e tomaranse todas as medidas de protección necesarias para asegurar aos viandantes e vehículos coa correspondente sinalización, e cumpriranse as súas instrucións.
- Deberase dar cumprimento ao Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia.

- i) Tomaranse todas as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e vehículos e dar cumprimento ao Real decreto 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. BOE nº 127, de 29 de maio.
- j) O prazo para o inicio das obras non poderá exceder dos seis meses e o de remate dos tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non se poderán interromper as obras por tempo superior a seis meses.
- k) Nas obras maiores será indispensable a colocación dun cartel indicador no que faga constar: Número de expediente, data do acordo da concesión da licenza, nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, prazo de execución das obras e o número de plantas autorizadas.
- l) Ao remate das obras deberá presentar no concello o certificado final de obra expedido polo director de obra.

TERCEIRO.- Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AGRICOLA**. A Ordenanza específica de aplicación atópase no artigo 8.2.3 da normativa do PXOM.
- b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: **Mantemento de cuberta dunha vivenda unifamiliar**
- c) Altura, volumen e ocupación de parcela permitidos:
 Altura: **≤ 7,00 m – (II) PB+1**
 Ocupación: **A existente**
 Volume: **O existente**
- d) Orzamento de execución material: **19.537,84 €**
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito **no Lugar de Sergude, nº 19**, referencia catastral: **15069A031004260000PB**
- f) Nome ou razón social da persoa promotora: **D. XXXXXXXXXXXX** co DNI *****0620*-***
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde: o Arquitecto Técnico **D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC)**
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.

Prazo para a terminación da obra:36 meses.

CUARTO.- Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder á concesión da **LICENZA DE OBRAS** a **Dª XXXXXXXXXXXX** co DNI *****0620*-*** para **“Mantemento de cuberta dunha vivenda unifamiliar”**, no **Lugar de Sergude, nº 19**,

Ponteceso, nas referencias catastrais: **15069A031004260000PB** segundo o “Proxecto Técnico de Mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar existente”, e ao “Modificado de proxecto Técnico de Mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar existente” ambos con visado dixital colexial nº VN23000402 e redactados por técnico competente, o Arquitecto Técnico D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC), aos cales debe aterse.

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

Particulares, segundo o informe técnico:

- A construción e forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para Cubertas Integradas no Medio Rural.
- A propiedade a de aterse o indicado no artigo 3.2.13.- CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN E DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE en solo de núcleo rural e en solo rústico do PXOM, é no indicado no ARTIGO 7.1.6.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN do PXOM.
- A obra deberá axustarse ó disposto pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia, debendo cumprir coas consideracións legais e as condicións sinaladas na resolución do Expediente: 737/23. Sobre intervención que afecta a un ben do Patrimonio Cultural de Galicia. Resolvendo autorizar as obras de mantemento de cuberta e Non autorizar as obras de ampliación de ocos e substitución de carpinterías polos motivos indicados no informe dos servizos técnicos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.

Ademais:

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- O Construtor terá que solicitar a colaboración e coordinación coa policía local cara a adecuada sinalización do ámbito e a organización do espazo a ocupar da vía pública, a fin de cumprir en todo momento a normativa vixente de tráfico e de prevención de riscos, así como a de evitar confusións e inconvenientes a veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia

de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE co total das obras a executar, ascende a un Oem de 19.537,84 €. Detalle das liquidacións xa realizadas:

- Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 19.537,84 € x 0,20 % = 39,08 €.

Lémbrese que a administración municipal poderá supervisar os traballos, a fin de comprobar a realidade do alcance dos mesmos.

Condicións xenéricas:

Lémbrese a necesidade de levar a cabo un axeitado tratamento dos residuos xerados polos mesmos. Comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde.

A licenza de obras outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, os dereitos de terceiros e o que sexa competencia doutros organismos.

Antes do comezo dos traballos deberá nomear director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde, debidamente visados polo colexio profesional correspondente, e comunícalo ao concello.

As obras axustaranse á documentación presentada e no curso da súa execución adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo.

Previo ao comezo das obras levantarase a acta de reformulo polos técnicos municipais.

O solicitante deberá poñerse en contacto cos titulares dos servizos urbanos que poidan resultar afectados para localizalos e evitar posibles roturas ou accidentes.

Os servizos correspondentes ás conexións ás redes municipais de saneamento, auga potable e rede eléctrica, serán pola conta do promotor, e tamén serán á súa conta os gastos que poida ocasionar pola execución das obras nos pavimentos dos viais e beirarrúas públicas.

Comunicarase á Policía Local antes do inicio, e coa antelación suficiente, dos posibles cortes de tráfico e tomaranse todas as medidas de protección necesarias para asegurar aos viandantes e vehículos coa correspondente sinalización, e cumpriranse as súas instrucións.

Deberase dar cumprimento ao Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia.

Tomaranse todas as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e vehículos e dar cumprimento ao Real decreto 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. BOE nº 127, de 29 de maio.

O prazo para o inicio das obras non poderá exceder dos seis meses e o de remate dos tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non se poderán interromper as obras por tempo superior a seis meses.

Nas obras maiores será indispensable a colocación dun cartel indicador no que faga constar: Número de expediente, data do acordo da concesión da licenza, nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, prazo de execución das obras e o número de plantas autorizadas.

Ao remate das obras deberá presentar no concello o certificado final de obra expedido polo director de obra.

TERCEIRO.-Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AGRICOLA**. A Ordenanza específica de aplicación atópase no artigo 8.2.3 da normativa do PXOM.

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: **Mantemento de cuberta dunha vivenda unifamiliar**

Altura, volumen e ocupación de parcela permitidos:

Altura: **≤ 7,00 m – (II) PB+1**

Ocupación: **A existente**

Volume: **O existente**

Orzamento de execución material: **19.537,84 €**

Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito **no Lugar de Sergude, nº 19**, referencia catastral: **15069A031004260000PB**

Nome ou razón social da persoa promotora: **D. XXXXXXXXXXXX** co DNI *****0620*.***

Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde: o Arquitecto Técnico **D. Javier Martínez Porteiro, colexiado nº 2798 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC)**

d) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.

Prazo para a terminación da obra:36 meses.

CUARTO.- Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento firmado dixitalmente na marxe o día e pola persoa que constan na marxe.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11:38 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinándoa xunto co alcalde.

O alcalde por delegación

A secretaria

Juan Ramon Vidal Torrado

Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente á marxe.